

LER NA ESCOLA

Francisco Castro: "Chamádeme Simbad"

02.06.2010

ROMINA BAL


QUE CONTA?

O avó fai cousas raras. Esquécese de todo. Cámbialle o nome a todo o mundo. Incluso ao seu neto. Que se chama Paulo, pero que para o avó é Simbad o Mariñeiro.

As cadeiras son barcos e os piratas rodéanos por todas as partes. E hai filibusteiros inimigos alí onde mires. Os adultos, coa súa mirada de adultos, non poden entender nada. Pero Paulo si que comprende o seu avó. Porque é un neno con mirada de neno. El é a única persoa que o entende. El é o único que, cando as cousas se poñan feas, vai saber como actuar.

Paulo, ou Simbad o Mariñeiro, tanto ten, loitará contra a enfermidade do seu avó, contra os adultos e, sobre todo, contra o egoísmo. Trátase dunha historia actual e moderna que mestura a imaxinación e a realidade de xeito maxistral, unha trama que transmite ademais valores como o respecto aos nosos maiores, pilar fundamental na educación dos nosos rapaces. Tamén critica o feito de que nesta sociedade se lles imprima un ritmo tan acelerado ás cousas ou que os maiores fagamos do traballo o eixe da nosa vida e non lles dediquemos un tempo máis que fundamental aos nosos pequenos.

Chamádeme Simbad, unha aventura divertida que engancha, é como se titula a obra de Francisco Castro gañou o premio ao mellor libro infantil de 2009 concedido polos lectores da web Fervenzas Literarias. As súas ilustracións foron feitas por Manel Cráneo e está publicado dentro da



Colección Árbore da Editorial Galaxia orientada a cativos a partir dos 12 anos.

QUEN É QUEN

Francisco Castro é un dos narradores galegos que comezaron a publicar no inicio do século XXI. A súa narrativa destaca pola orixinalidade á hora de abordar xéneros moi diferentes. Nacido en Vigo en 1966, traballa desde hai anos como cronista cultural en varios medios galegos, e na actualidade na Editorial Galaxia. É autor do libro de relatos eróticos Xeografías, d'A canción do naufrago, ambos do ano 2001, e do relato histórico Memorial do infortunio. En 2004 publicou Xeración perdida, novela coa que mergulla o lector no mundo das drogas, e Un bosque cheo de faias, que gañou o Premio Frei Martín Sarmiento. Recibiu en 2006 o Premio Blanco Amor de novela longa con Spam, que publicou Galaxia.

En 2007 resultou gañador do Premio de Novela Manuel García Barros, concedido polo Concello da Estrada, coa novela As palabras da néboa. No mesmo ano publicou O ceo dos afogados, que foi finalista do premio Fundación Caixa Galicia e que recibirá o Frei Martín Sarmiento como mellor libro do ano. No ano 2009 obtivo o Primeiro Accésit e Pluma de Prata no I Certame de Xornalismo de Opinión Raimundo García Borobó polo seu artigo titulado Borobó despedido. Tamén neste ano publicou na colección Árbore de Galaxia a novela Chamádeme Simbad.

RECOMENDADO

Ademais de recomendar Chamádeme Simbad, aconsellamos tamén a lectura de Viaxe a Illa Redonda, de Helena Villar Janeiro; Alén da aventura, de Carlos Vila Sexto; ¡Vaiche boa!, de Paul Jennings; Nace un campión, de Úrsula Heinze; Lúa e os nubeiros, de Xosé Miranda; Crisóstomo o alifáfar, de Antonio Yáñez; Os Gazafellos, de Pepe Carballude; A casiña azul, de Sandra Comino ou O castrón de ouro, de Darío Xohán Cabana. Todas estas obras forman parte da Colección Árbore da Editorial Galaxia dirixida a rapaces a partir dos 12 anos.

UN ANACO

"Daquela vez estivo falando sen parar vinte e tres minutos seguidos con algúns segundos. Pero os segundos non contan para a marca. Só os minutos. Vinte e tres. Aínda que se sumamos todo o tempo que bota a latricar polo móbil ao longo do día, en realidade fala moitos minutos máis dos que eu conto. Moitísimos máis. Unha barbaridade de minutos.

Se hobese unha Olimpíada de falar polo móbil, meu pai sería medalla de Ouro indiscutible. Por iso lle dixen iso de que tiña a orella vermella. E porque era certo, non estaba inventando nada. Tíña vermella coma o tomate que lle bota a miña nai aos espaguetes. Encarnada e cocida coma unha nécora. Que ricas as nécoras".

DE PALABRA E IMAXE

Manel Cráneo naceu na Coruña no 1973 e estudou na Escola de Arte Pablo Picasso da cidade herculina. Debuxante e ilustrador cunha ampla actividade desde mediados dos anos noventa, cando promoveu numerosos fanclins como Ovo, Costra de Postre, Os rústicos da guadaña, Craneografía e Craneofilia. Participou nas dúas etapas da revista Golfinho realizando a serie A fraga Milmañas con guións de Carlos Amil. Traballos seus viron a luz en cabeceiras colectivas como BD Banda, Barsowia e Subterfuge e en editoriais como Everest ou en Galaxia.

Ex presidente da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), liderou a súa práctica refundación en 2003. Na mesma época foi o principal promotor con Kike Benloch do Colectivo Chapapote, resposta ao desastre do Prestige coa participación de dúas de ilustradores. Ademais dunha longa experiencia en cartelismo e en publicidade, é o responsable do storyboard de diversos filmes (O lapis do carpinteiro) e curtametraxes (A ti como se che di adeus).

Entre os galardóns que atesoura foi recoñecido en Granada por unha recreación en BD da vida de Federico García Lorca. No 1993 recibiu un accésit no III Certame Ourense de BD por O párroco de Algures. No ano 1994 concedéuselle un accésit por Rosario, no IV Certame Ourense

de BD. Tamén mereceu un accésit no XI Concurso Galego de BD por Muller na estrada. No 1996 conseguiu pola historia Centro Psiquiátrico Xudas Iscariote o 4º premio no XII Concurso Galego de BD. Ao ano seguinte recibiu o 3º premio no XIII Concurso Galego de BD e no 1999, co cómic Tío Toné levou o sexto premio do XV concurso galego de banda deseñada Xuventude. No ano 2002 foi seu o 4º premio do III Certame Galego de Imaxe Artística (categoría A, 23-30 anos), pola historia Miña lúa e no ano 2003, con Un branco moi negro levou o 4º premio do IV Certame de Imaxe Artística 2003 (categoría A).

Entre as obras ilustrou están Do A ao Z con... Castelao, Carapuchiña "en rose", Esta é a miña familia, Chamádeme Simbad, Historias que contan as paredes, Nano ou Un bosque cheo de Faias. Manel Cráneo tamén é autor do cómic Os lobos de Moeche.